



TVIT

(Televisión del
Instituto de Tapia)

Úa proposta educativa pa os tempos d'hoi

↓ Ignacio Vares

En Tapia funciona dende hai us anos úa televisión local qu'emite dende el Instituto. Nun nacéu de casualidá senón que foi el resultao del esmolemento de dalgún profesor agayoso como Ignacio Vares, que nos cunta cómo foron os empezos y chufa as ventaxas que ten pra os alumnos úa actividá como ésta que quer ser, antias de nada, educativa.

Os métodos d'enseñanza, como todas as cousas, van cambiando cos tempos. Dende a invención del bolígrafo (ún dos maiores inventos qu'houbó nos últimos anos) nun se paróu de meter nas aulas das escolas y dos institutos a nova tecnoloxía que foi aparecendo nel mercao; ben é certo que máis axeito del que nos gustaría a os que nos dedicamos a esta profesión.

Como dixen, el bolígrafo foi a revolución y foilo porque permitiu deixar os tinteiros, as plumas y os plumíos que se gayaban con tanta facilidá. El qu'escribe nun é tan veyo y inda s'acorda d'escribir nas pizarras con pizarríos y d'ouguir máis d'úa bronca por estropiar tantos plumíos. Nestas circunstancias el bolígrafo foi a solución; levábaslo nel cabás, nun manchaba, nun rompía fácilmente y nun era mui caro. Dende entoncias a evolución tecnolóxica nun deixóu d'aportar novos aparatos que facilitaron el trabayo a

os maestros y a os nenos.

Nos anos sesenta houbo un furor polos medios audiovisuales: proyectores de diapositivas, retroproyectores, proyectores de corpos opacos, máquinas de cine de Super 8. Nos anos setenta y oitenta foi el vídeo a estrela da enseñanza: houbo que dotar a os Centros con televisores, magnetoscopios, cámaras nos máis avanzaos, salas d'audiovisuales, cursos pa os profesores. Parecía qu'el que nun utilizase estos métodos era úa antiguaya. Nos anos noventa é a informática y internet lo que se ta imponendo. As cousas cambian tan depresa qu'os profesores nun temos tempo de poñernos al día en todas.

Nun podemos esquecer que todos estos adelantos nun son máis qu'aparatos qu'empriamos pa enseñar. El vídeo y el ordenador por si mesmos nun enseñan nada. Dalgún padre pode pensar que comprándoye un ordenador al neno y tendo úa enciclopedia en cd-rom y us contos vídeos de ciencia y

tecnoloxía ou dos viaxes de Cousteau ten el porvenir del neno resolto y que vai sacar as miyores notas da escola. Despós leva úa desilusión porque, a pesar de todos os esforzos que fixo pa comprarye al neno lo miyor, el neno nun utiliza el ordenador namáis que pa xogar y ten que tar reñindo con él pa que se poña a estudar; os vídeos víulos úa vez y agora son enxorias chías de polvo y, encima, na escola nun vai muito ben. Lo mesmo yes pasa a dalgús profesores que pënsan que poñendo muitos vídeos os nenos tein qu'aprender máis. A realidá é muito máis complicada y hai que ter un feixe de cousas en conta al hora d'enseñar. Os medios audiovisuales son d'úa gran axuda, como lo foi el bolígrafo, pero ningún dos dous por si solos son capaces d'enseñar miga.

Tamén é certo que se nun conocemos os medios audiovisuales tamos perdidos. Os chamaos *mass media* amontúan hoi máis forza que cualquier outro poder. Tein a capacidá de convencernos de cuase todo el que quiran, tanto pa comprar cualquier cousa innecesaria, como pa pensar del xeito que yes conveña.

D'outra banda nun podemos pechar os oyo ante el poder d'engatusar que ten a televisión pá xente nova. Según un estudio del ente público RTVE os nenos entre dez y catorce anos ven televisión úa media de 20 horas á semana, lo que fain úas 1.000 horas al ano (na escola tan máis ou menos úas 800 horas). Esto quer dicir qu'a televisión convertíuse núa escola paralela, pero sin control de naide y muitas veces con us intereses pouco recomendables dende os nosos principios.

Por todas estas razóns é obrigao que nas escolas s'enseñe a os nenos a ver a televisión, a ler os periódicos, a interpretar as imáxenes con que nos bombardían a miúdo y qu'aproveitemos este medio pa enseñar a os nosos alumnos.

El nacemento da TVIT

Dende hai us cinco anos, nel Instituto de Tapia botamos a andar úa esperencia qu'hasta hoi deunos muitas satisfaccióis, anque tamén daqué de trabayo; trátase de lo que demos en chamar a TVIT (Televisión del Instituto de Tapia) y que se convertiu núa especie de televisión local, anque con pouca cobertura, us sete ou oito kilómetros alrededor del Instituto.

A cousa empezou cuase sin querer; levábamnos tempo usando a cámara de vídeo nel aula; lougho, nas xornadas culturais del ano 93, fixemos un tayer de

vídeo y máis tarde, aproveitando que se celebraba el 2º centenario del nacemento del Marqués de Casarego, fixemos un vídeo sobre a vida y obra d'este tapiego. Pasámoslo nel Salón d'Actos y foi un éxito completo. Ei xurdíu a idea de montar úa televisión. Compramos algún material de segunda mao: un vídeo S-VHS y úa mesa d'edición de vídeo; era ben pouca cousa, pero con abonda ilusión y a axuda del fotógrafo de Tapia, empezamos a fer algús programas cos alumnos del Instituto. Por esa época fixemos un vídeo sobre *A pesca del congrio en Tapia* cos nomes dos pexes y dos apareyos dos pescadores en gallego-asturiano; mandámoslo a un concurso qu'había nun Instituto de Ponferrada y ganamos un accesit de 25.000 pts. El ano anterior fixéramos outro sobre *As abeyas y os trobos* pa un concurso que s'organizaba en Bual con motivo da *Feria del mel*: déronnos el terceiro premio.

Con todos estos antecedentes dispuxémonos a comprar un emisor de televisión, a antena pa emitir, os cables, micrófonos y el resto de cousas, que nun son poucas. Como nun queríamos gastar muitos cuartos del Instituto, pidimos á Conseyería de Cultura úa axuda pa montar este tinglao. A través da Oficina de Política Lingüística déronnos 300.000 pts. cuas que compramos un "emisórín" y empezamos a emitir.

Primeiro fíamoslo cada 15 días, os venres pola noite, y non muito tempo. Empezamos con un noticiario qu'os nenos lían y se fíamos algúa imaxen, metíamosla tamén; dabamos algún reportaxe dos partidos del Real Tapia. Aquelo fixo furor na vila. A xente taba encantada y nosoutros y os nenos, máis.

Despós fixemos, xunta el noticiario, un programa que chamamos *Nuestras Gentes*. Nel xuntábanse cuatro ou cinco personas, homes y mueres de Tapia, pa falar d'un tema acordao d'antiás; era moderao por dous alumnos (cuase sempre eran alumnas) y durante úa hora falaban da pesca d'altura, da pesca de baxura, del antroido en Tapia, da pesca de río, de caza... d'un feixe de cousas qu'ocurriron en Tapia fai us contos anos. Estos programas tuvieron úa acoyida extraordinaria y asina foi medrando a TVIT. Un par d'anos máis tarde el Ministerio de Educación deunos outros poucos de cuartos y podemos aumentar a cobertura y miyorar a calidá das emisióis; xa entoncias emitíamos cada sete días, y aumentáramos el tempo da emisión propia hasta dúas ou tres horas. Programas como *El noticiario local*, concursos como *La lechuza de Minerva* ou *El Callejero*, *Deporte y salud*, *Educación*, *El campo*, *Cocina para todos*, *Rutas de montaña*, *Música*, *Nuestras promesas*, amén de toda



A TVIT tamén tuvo el sou posto na Feria Campomar que se fai todos os braos en Tapia

VENTAXAS DA TELEVISIÓN EDUCATIVA

A bon seguro que moitos profesores lerán estas páxinas y poderán sacar algúna conclusión ou idea pa levar ás súas aulas ou a os sous Centros con úa actividá del tipo da TVIT (televisión educativa). Anque moitas veces nun síamos sabedores de que, col que femos, os nenos aprenden. Sabemos de certo que con esta actividá televisiva os nenos aprenden a:

- Conocer os xéneros periodísticos. Distinguir úa noticia d'un reportaxe.
- Identificar as partes en que se pode dividir úa noticia, qué é lo qu'hai que dicir primeiro y lo que se debe dicir al final.
- Reconocer a orixe das noticias. Hai que ver quén las conta y se convén comprobalo.
- Reconocer os mecanismos de manipulación das noticias. Féndolas eles mesmos saben qué se pode trucar ou cómo, sin trucar, se pode dar úa intención ou outra.
- Miyorar a espresión oral. É algo que se trabaya mui pouco y que con esta actividá conségnense grandes resultaos.
- Diferenciar os rexistros idiomáticos. Un alumno aprende que nun se fala igual dando noticias que fendo un programa de cotilleo.
- Comportarse en público. Cuidar os xestos, el xeito de sentarse, de poñer as maos, etc.
- Conocer a realidá da comarca. A través das noticias van sabendo lo que pasa y interesándose polas cousas del sou pueblo. Por medio dos programas d'etnografía ou das rutas de montaña conocen a xeografía y os costumes da nosa xente.
- Despertar el interés pola información.
- Perder el medo a falar en público.
- Conocer as tecnoloxías novas: vídeo dixital, informática, internet, etc.

Hai outras moitas que podería seguir contando pero xa me parecen abondas pa que mereza a pena tomar en serio innovaciós como esta.

úa colección de vídeos didácticos, ou documentales: *A vivienda rural en Tapia, Palacios hidalgos de Tapia, A parroquia de Serantes, A mayega del trigo, El molín d'auga, Tapia y sus fiestas, Leche de calidad*, etc., etc. A verdá é que levamos feito un bon carro de programas.

Úa actividá educativa

Pero temos que dicir que todo esto nun sería tan importante se nun fora pol valor educativo que ten. Tamos convencidos qu'esta actividá ta dotada d'úas cualidades que yes permite a os nosos alumnos aprender máis y miyor sobre cuase todos os aspectos da realidá del mundo moderno. Queremos dende estas páxinas chamar a atención a padres y educadores da importancia que ten a imaxen na vida diaria da xente y que, polo tantò, temos que tomala mui en serio y buscar xeitos d'enseñala a os nenos, pos nos programas oficiales das escolas ou institutos cuase nun se toca, salvo un pouco nel área de Educación Plástica y Visual da E.S.O.

É por esto que nel Instituto de Tapia seguimos coa TVIT (televisión educativa) con dous obxetivos fundamentais:

1º Posibilitar a os profesores os recursos técnicos y d'asesoramiento apropiaos pa utilizar nel aula os medios audiovisuales.

2º Poñer en contacto a os nenos col medio televisivo, aprendendo a interpretar os mensaxes audiovisuales y a producir os sous propios programas.

El trabayo dos noticiarios

¿Cómo femos os noticiarios? A principios de curso xuntamos a os alumnos que quiran trabayar na tele y pidímosyes que s'apunten nel que máis yes guste: redactores, operadores de cámaras, locutores, montaxe dixital... Un equipo d'alumnos con ún ou dous profesores van coordinar el noticiario. Al largo da semana van recoyendo noticias da nosa comarca nos periódicos, na radio, nas televisións ou na propia realidá. Despós de recortalas ou fotocopialas pásanlas a os redactores pa que yes dean forma pa televisión (nun é lo mesmo úa noticia nel periódico que na televisión). Se hai posibilidade de conseguir imáxenes, os cámaras encárganse de grabalas. Ás veces tein que desprazarse en coche (sempre hai algún profesor disposto); se tein posibilidade d'entrevistar a daquén, preparan úas preguntas, vai daquén avezao a usar el micrófono y grábanla. Todo este trabayo vaise fendo durante a semana, nos recreos ou polas tardes. El venres, desde as cuatro da tarde hasta as oito, todo el equipo vaise pa os estudios que temos nel Instituto y preparamos el Noticiario, amecendo todas as noticias y preparando a emisión qu'empezará as oito y media. A partir d'esta hora tamos seguros qu'en Tapia y alrededores a TVIT é a televisión que máis se ve.

